

RUBEN BRANDT, COLECCIONISTA

Milorad Krstic, 2018

526

ESTREA EN NUMAX: 17.05.2019 | V.O.S.E. | +16

Ruben Brandt, Collector (2018, 96')

Dirección: Milorad Krstic

Guión: Milorad Krstic, Radmila Roczkov

Voces: Iván Kamarás, Goabriella Hámori, Csaba Kor Márton

Son: Danijel Milosevic

Montaxe: Milorad Krstic, Marcell Laszlo, Danijel Milosevic, László Wimmer

Dirección de arte: Zsolt Maticska

Fotografía: Steve Cosens

Música: Tibor Cári

Animación: Péter Tenkei, Mihály Kosaras, Lajos Csákovics

Produtoras: Ruben Brandt (Hungría)

Distribuidora: El Sur Films

Formato de proxección: DCP4K, 2.39:1

Idioma orixinal: Inglés, húngaro

PREMIOS E FESTIVAIS

Sevilla 2018 (Mellor Guión e Ópera Prima), Locarno 2018 (Piazza Grande), Annie 2018 (Nomeado a Mellor Filme Independente e Montaxe), Satellite Awards 2018 (Nomeado a Mellor Filme de Animación)

FILMOGRAFÍA

My Baby Left Me, 1995 [curtametraxe]

SINOPSE

O psicoterapeuta Ruben Brandt sofre pesadelos violentos inspirados en 13 obras de arte famosas, incluídas *Retrato do carteiro Joseph Roulin* de Van Gogh, a *Venus de Urbino* de Tiziano e *Muller con libro* de Picasso. Catro dos seus pacientes, que son ladróns expertos, ofrécense para roubar as obras, xa que cren que unha vez que as posúa han desaparecer os pesadelos.

«Alucinante e fascinante. Unha marabilla cinematográfica cativadora e transcendente que reinventa o que a animación é quen de facer»

Peter Travers, ROLLING STONE ★★★★★



Notas do director

Lembro cando mirei por unha lente da cámara por vez primeira. Podía enfocar unha flor no medio do campo, de xeito que todo o que quedaba diante e detrás estivese borroso. A imaxe definida, separada do fondo, era mesmo máis emocionante que a mesma flor a simple vista, cando todo estaba enfocado: a flor, os arbustos do redor e o campo enteiro.

Así foi como aprendín, moitos anos antes de que me fascinasen as galerías de arte e as salas de cinema, que a imaxe do mundo pintada ou vista a través dunha lente pode ser máis poderosa que a realidade. A pintura e o cinema son as formas de arte máis significativas para min, e por iso baseei este filme neles.

Este filme está construído en dúas capas: a primeira é unha historia de acción e roubo que pode chegar a un público amplo. A segunda capa presente un surf temporal sobre a vagas da arte e o cinema do século XX: desde Caravaggio a Picasso, Eisenstein ou Hitchcock, e desde Elvis até Rocky, Ruben Brandt é unha mestura colorida de obras de arte modernas e clásicas.

É unha enciclopedia continua do cinema e a arte, na que cada fotograma está cheo de coñecidos exemplos da historia das artes visuais. En canto aos meus debuxos neste filme, agardo que a xente os atope peculiares e imaxinativos. Parafraseando a Godard, que dixo que a

fotografía é verdade e o cinema é verdade vintecatro veces por segundo, diría que para min o debuxo é imaxinación, e o cinema animado é imaxinación vintecatro veces por segundo.

Publicado en <http://www.madavenue.es>

* * *

As pinturas feroces

Por Jordi Costa

Na súa novela breve *Los últimos días de Nueva París*, China Miéville fantaseaba arredor dun combate imaxinario entre o exército nazi e unha guerrilla surrealista no seo dunha Francia ocupada que trascendía os seus coñecidos límites históricos. Un enxeñeiro estadounidense lograba liberar o inconsciente insubmisos de artistas e poetas, sementando as rúas dun París delirante de feroces obras de arte: «Nas fecundas ondas de choque da explosión, non foron só os sonhos dos surrealistas os que se manifestaron. Con eles naceron figuras do simbolismo e o decadentismo, as fantasías dos antepasados e predilectos dos surrealistas, as pantasma do seu protocanon. Agora a araña de dez patas de Redon ía de cacería nun extremo da rúa Jean Lantier, facendo tremer os seus

enormes dentes. Unha figura coa cara de froita coagulada de Archimboldo axexaba nos límites do mercado de Saint Ouen.»

Cada plano de *Ruben Brandt, coleccionista*, primeira longametraxe do artista plástico de orixe eslovena Milorad Krstic, podería competir en densidade referencial coa obra de Miéville: cun trazo que xunta a herdanza do cubismo cos ecos do underground e adscribíndose de cheo á dinámica omnívora e antixerárquica da arte pop, esta inclasificábel xoia animada aglutina referencias cinéfilas —esa silueta hitchcockiana literalmente xeada— e pictóricas —da menina velazqueña devoradora a unha tentacular Venus botticelliana— para contar unha acelerada historia que entronca a tradición do serial cinematográfico coa pervivencia do thriller conspiranoico. O seu protagonista é un psiquiatra asaltado por insistentes pesadelos onde destacadas obras mestras da pintura cobran vida: unha ladra de elite —clara descendente da Musidora d'Os vampiros (Louis Feuillade, 1915)— axudarao a superar o trauma coa axuda dun delirante equipo delictivo entre o que figura un finísimo tipo bidimensional.

Gañador do Oso de Prata na Berlinale co seu único traballo de animación previo —a curta *My Baby Left Me* (1995)—, Krstic exprime a fondo en *Ruben Brandt, coleccionista* as posibilidades da animación para crear unha realidade alucinóxena. O resultado non se parece a nada.

Publicado en <https://elpais.com/>
Traducións: Xan Gómez Viñas

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TELF 981 560 250 | www.numax.org

ANA XA TEN O SEU ABONO

E ti, a que
agardas para
abonarte?



Se ti xa es de NUMAX
e queres compartilo,
fai unha foto co teu
abono e compártea.
#eusedenamax

